



## Concello de Xunzo de Limia

### ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/8	O Pleno
<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	

**Tipo Convocatoria:**

Ordinaria

**Data:**

**3 de outubro de 2024**

**Duración:**

Desde las 9:05 hasta las 9:50

**Lugar:**

Salón de Plenos do Concello

**Presidida por:**

Amador Diaz Penin

**Secretario:**

Marta María Gómez Ruiz

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
34985977X	ANTONIO FERNANDEZ VEIGA	SÍ
34997410N	Amador Diaz Penin	SÍ
76730752S	CAMILO VILA GARCIA	SÍ
44481550X	CRISTINA CAMPERO DORADO (Asiste vía telemática)	SÍ
34729730Y	Carlos Gomez Salgado	SÍ
76726643T	Carlos López Montero	SÍ
34995266F	MANUEL POZO FARIÑAS	SÍ
34953793A	Maria de los Angeles Martinez Marra	SÍ
34954787P	RAMON GOMEZ SALGADO	SÍ
44459813P	Rafael Penabad Gonzalez	SÍ
76709485T	Ricardo Sieiro Opazo	SÍ
44485126K	VICTOR RODRÍGUEZ AVILÉS	SÍ
34944140X	elvira LAMA fernandez	SÍ

Asisten a **Interventora municipal dona Mónica Legaspi Díaz**, a **Adxunta a Secretaría dona M<sup>a</sup> Dolores Fernández Salgado**, e o **informático municipal Jorge Luís Gómez Yáñez**.





## Concello de Xinzo de Limia

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

<b>A) PARTE RESOLUTIVA</b>	
<b>Aprobación da acta da sesión anterior</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

### Resolución:

O **Sr. Presidente** pregunta aos asistentes se existe algunha obxección á acta da sesión celebrada o día **08/08/2024**.

Sometida a votación **resulta aprobada por unanimidade a acta referida**.

<b>Expediente 5401/2024. Aprobación definitiva da Conta Xeral 2023:</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

### Resolución:

Vista a **Proposta da Alcaldía**, de data 20/09/2024, do seguinte teor literal:

“(…) Visto que a Comisión informativa ditaminou favorablemente a Conta Xeral correspondente ó exercicio 2023.

Visto o certificado de non alegacións, de data 20/09/2024, do seguinte teor literal:

**“A Conta Xeral correspondente ó ano 2023 estivo exposta ó público dende o día seguinte o 12 de agosto de 2024, durante o prazo de quince días, e que habendo transcorrido estes, non se presentaron no Rexistro alegacións á mesma.”**

### PROPOÑO

**PRIMEIRO:** Aprobación definitiva da Conta Xeral correspondente ó exercicio 2023.

**SEGUNDO:** *Render a Conta Xeral correspondente ó exercicio 2023 aprobada e toda a documentación que a integra á Fiscalización do Tribunal de Contas, de conformidade co establecido no artigo 212.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. (...)*

Sen producirse debate a proposta resulta **aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO:** Aprobación definitiva da Conta Xeral correspondente ó exercicio 2023.

**SEGUNDO:** *Render a Conta Xeral correspondente ó exercicio 2023 aprobada e toda a documentación que a integra á Fiscalización do Tribunal de Contas, de conformidade co establecido no artigo 212.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

<b>Expediente 4960/2024. Bonificación ICIO de licenza urbanística de obras de rehabilitación de edificio para residencia de persoas maiores na rúa da Roda, da vila de Xinzo:</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 11, En contra: 2, Abstencións: 0, Ausentes: 0

### Resolución:

Consta no expediente o **Ditame da Comisión Informativa de Medio Rural, Medio Ambiente,**





## Concello de Xinzo de Limia

**Facenda e Especial de Contas**, do día 30/09/2024, do seguinte teor literal:

“(…) Vista a **Proposta da Alcaldía**, de data 25/09/2024, do seguinte teor literal:

**“(…) PROPOSTA DA ALCALDÍA BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS DE LICENZA URBANÍSTICA DE OBRAS DE REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA RESIDENCIA DE PERSOAS MAIORES NA RÚA DA RODA, DA VILA DE XINZO.**

Vista solicitude de bonificación do ICIO de data 24/09/2023 presentada polo representante da entidade Val de Monterrei S.L, don Camilo Álvarez González .

Visto informe emitido pola **Secretaría, Intervención e Tesourería** municipais, do seguinte teor literal:

### “ANTECEDENTES DE FEITO

*Mediante providencia do Alcalde solicítase a emisión de informe en relación á bonificación do imposto sobre construcións, instalacións e obras de licenza urbanística de obras de rehabilitación de edificio para residencia de persoas maiores na rúa da roda, da vila de Xinzo de Limia , sendo a providencia do seguinte teor literal:*

*“Vista solicitude de bonificación do ICIO de data 24/09/2023 presentada polo representante da entidade Val de Monterrei S.L, don Camilo Álvarez González, solicitando bonificación/exención do ICIO en relación as obras de rehabilitación de edificio inacabado para residencia de persoas maiores na rúa da Roda.*

*Considérase que concorren motivos de interese social para a bonificación do ICIO por existir dende hai anos demanda de prazas que non se pode satisfacer coa única residencia situada no municipio, e ademais considerase que o establecemento dunha residencia contribuirá o fomento do emprego no municipio e neste concreto caso, a realización das obras porá en funcionamento un edificio que doutra banda podería ter acabado en estado ruinoso.*

*Sen prexuízo do exposto, recentemente foi asinado un Convenio coa entidade Val de Monterrei S.L polo cal a Residencia Val de Monterrei deberá ofrecer gratuitamente un total de 24 meses de estancia, consecutivos ou non, que serán disfrutados por aqueles veciños ou veciñas do Concello que propoña o Departamento de Servizos sociais nas circunstancias que se refiren a continuación: doentes que despois de pasar polo hospital ou nos seus domicilios, necesiten, ben un aloxamento alternativo que evite a prolongación innecesaria da súa estancia hospitalaria, ben un aloxamento temporal por atoparse en situación de emerxencia social en tanto se realizan os trámites para acadar unha situación definitiva.*

*Polos motivos expostos solicítase a emisión de informe de secretaría e intervención para a bonificación do ICIO na contía máxima recollida na ordenanza (95%).”*

### LEXISLACIÓN APLICABLE

*Ordenanza Fiscal número 1: Reguladora do imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.*

*Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales*

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

*Segundo o Artigo 103 do Real Decreto Legislativo 2/2004, é posible que as ordenanzas fiscais establezan, entre outras bonificacións potestativas sobre a cota do imposto sobre construción, instalacións e obras, a seguinte:*

*“...2. Las ordenanzas fiscales podrán regular las siguientes bonificaciones sobre la cuota del impuesto:*

*a) Una bonificación de hasta el 95 por ciento a favor de las construcciones, instalaciones u obras que sean declaradas de especial interés o utilidad municipal por concurrir circunstancias sociales, culturales, histórico artísticas o de fomento del empleo que justifiquen tal declaración. Corresponderá dicha*





## Concello de Xinzo de Limia

*declaración al Pleno de la Corporación y se acordará, previa solicitud del sujeto pasivo, por voto favorable de la mayoría simple de sus miembros.”*

*O Concello de Xinzo de Lima recolle no artigo 10 da Ordenanza Fiscal número 1: Reguladora do imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras esta posibilidade:*

*Art 10º.- Aplicarase una bonificación sobre a cota do imposto de ata o 95% a favor das construcións, instalación e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.*

*Segundo se desprende dos antecedentes de feito, en principio neste caso concorren circunstancias sociais que, consonte a Ordenanza Fiscal Nº1: Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e obras, poderían xustificar a declaración desta obra como de especial interese ou utilidade municipal e conseguintemente a aplicación dunha bonificación de ata o 95% da cota do imposto, sempre que o Plenario municipal así o acorde por maioría simple dos seus membros.*

### CONCLUSIÓN

*Segundo se desprende dos antecedentes de feito, en principio neste caso concorren circunstancias sociais que, consonte a **Ordenanza Fiscal Nº1: Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e obras**, poderían xustificar a declaración desta obra como de especial interese ou utilidade municipal e conseguintemente a aplicación dunha bonificación de ata o 95% da cota do imposto, sempre que o Plenario municipal así o acorde por maioría simple dos seus membros.*

### PROPOÑO

**Primeiro. Declarar de especial interese ou utilidade municipal a licenza urbanística de obras de rehabilitación de edificio para residencia de persoas maiores na rúa da Roda, da vila de Xinzo.**

**Segundo. Aplicar unha bonificación do 95% sobre a cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras que corresponda impoñer.(...)”**

Tralo debate a proposta resulta ditaminada **cos votos a favor do Sr. Alcalde e do concelleiro do grupo Axil (2), cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal PP (3), coa abstención dos concelleiros do grupo municipal PSOE (3), e coa abstención do concelleiro do BNG (1), coa seguinte proposta de acordo:**

**Primeiro. Declarar de especial interese ou utilidade municipal a licenza urbanística de obras de rehabilitación de edificio para residencia de persoas maiores na rúa da Roda, da vila de Xinzo.**

**Segundo. Aplicar unha bonificación do 95% sobre a cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras que corresponda impoñer. (...)”**

**O Sr. Alcalde** abre a primeira quenda de intervencións:

O **Sr. Camilo Vila García** comeza a súa intervención pregándolle ó grupo de goberno que reflexionen sobre o modelo de residencia privado e non público que se pretende favorecer mediante unha bonificación do ICIO por unha contía de máis de 40.000 euros, o cal non pode ser apoiado polo seu grupo municipal. Considera que o Convenio é perverso pois por medio do mesmo a residencia oferta 24 meses de estancia gratuíta que lle suporían aproximadamente 40.000 euros, importe semellante á bonificación que se pretende outorgar polo cal o beneficio municipal quedaría contrarrestado, e por se foro pouco, non hai garantía sequera de que a estancia sexa aproveitada polos veciños e veciñas xa que depende da dispoñibilidade de prazas.





## Concello de Xinzo de Limia

En canto ó feito de que poidan ocupar dita praza vítimas de violencia de xénero considera que aínda que sexa legal non é acaído. Asemade indica que neste caso apoiase un interese privado, o que non aconteceu nos outros supostos nos que se lle bonificou por parte do Concello o ICIO, concretamente as obras no Colexio Rosalía de Castro e no centro o Viso. Remata a súa intervención indicando que no presente punto da orde do día estamos apoiando unha iniciativa privada que non responde á realidade do Concello posto que aproximadamente 131 persoas cobran unha pensión con contributiva que lles impide aspirar a unha praza nunha residencia privada sendo a pensión media dos veciños e veciñas de Xinzo de Limia 896 euros, motivos todos eles polo que considera que non é un servizo ideal para a xente de Xinzo de Limia anunciando seu voto en contra.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** intervén para manifestar que é unha realidade incontestable a falla de prazas par os anciáns na provincia así como o feito de que as familias se teñan que desprazar lonxe para poder visitar os seus maiores. Considera que a residencia, aínda que sexa privada, supón unha oportunidade para Xinzo de Limia por mor da falla de oferta neste eido. Engade que o anterior grupo de goberno no ano 2022 xa presentou solicitude de fondos ó goberno de España para a creación dunha residencia pública e finalmente, tras dous anos de tramitación resolveuse que estes fondos financiarían a creación de quince residencias en Ourense con achegas da Deputación. Continúa a súa intervención indicando que se pode cuestionar o modelo de residencia que se quere implantar pero considera que este non é o foro. Manifesta que o custe de 24 meses de estancia nunha residencia acadaría ó redor de 36.000 euros ano e hai que ter en conta que se prevé a posibilidade de prórroga por catro anos máis, polo que de materializarse esta opción o Convenio resultaría moi beneficioso para o Concello. Remata a súa intervención anunciando o voto a favor ó considerar que é sería unha mágoa non incrementar a oferta residencial do Concello..

O **Sr. Alcalde** manifesta a súa satisfacción porque unha empresa invista no Concello ofertando un servizo de 80 prazas para atender ós maiores que se atopan lonxe por falla de oferta deste servizo en Xinzo de Limia; porque dito proxecto conlevará a creación de 35 postos de traballo e porque se asinou un Convenio con dita empresa en virtude do cal vanse ofrecer 24 meses de ocupación gratuíta para xente en situación de vulnerabilidade. Remata a súa intervención indicando que o feito de que se apoie este proxecto mediante a bonificación do ICIO non impide que se siga traballando na idea do proxecto iniciado no ano 2022.

O **Sr. Alcalde** abre a segunda queda de intervencións.

O **Sr. Camilo Vila García** felicita ó grupo de goberno por querer continuar coa iniciativa a prol dunha residencia pública iniciada polo anterior goberno, engadindo que esta residencia privada non vai a corrixir o problema da dispersión dos nosos anciáns que se debe principalmente a ubicación das residencias públicas existentes.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** manifesta que é certo que este proxecto non vai a corrixir o problema de dispersión pero salienta o feito de que a Xunta dispón de once centros públicos en Galicia a maiores das prazas concertadas coas que se conta en centros privados e que en Xinzo de Limia os únicos centros cos que conta son os de Santa Mariña e a residencia comunitaria. Por último anuncia o voto a favor.

O **Sr. Alcalde** manifesta que debe loitarse polos interese municipais aparcando as ideas políticas.





## Concello de Xinzo de Limia

Tralo debate a proposta resulta **aprobada, cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal "ÁXIL" (2, e 1 o Alcalde), co voto a favor dos concelleiros do grupo municipal popular (4), cos votos a favor dos concelleiros do PSdeG-PSOE (4), e cos votos en contra dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2), adoptándose o seguinte acordo:**

**Primeiro. Declarar de especial interese ou utilidade municipal a licenza urbanística de obras de rehabilitación de edificio para residencia de persoas maiores na rúa da Roda, da vila de Xinzo.**

**Segundo. Aplicar unha bonificación do 95% sobre a cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras que corresponda impoñer.**

Expediente 6832/2024. SUPLEMENTO DE CRÉDITO N.º 02/2024:	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

### Resolución:

Consta no expediente o **Ditame da Comisión Informativa de Medio Rural, Medio Ambiente, Facenda e Especial de Contas**, do día 30/09/2024, do seguinte teor literal: "(...) Dado que este expediente non foi incluído na orde do día o Sr. Alcalde expón que para proceder a tratar e votar este punto é necesario a previa declaración de urxencia por maioría absoluta de membros da comisión informativa, consonte os artigos 91.4, 83 e 138 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais.

**Realizada a votación, é aceptada a súa urxencia por unanimidade.**

Vista a **Proposta da Alcaldía**, de data 27/09/2024, do seguinte teor literal:

"(...) En relación co expediente relativo á aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 6832/2024 do Orzamento en vigor, na modalidade de Suplemento de crédito financiado con cargo a maiores ingresos e remanente de tesourería, emito a seguinte proposta, con base aos seguintes

### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.** Considerando a existencia de gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito, e dado que se dispón de 583.000€, por Providencia de Alcaldía incoouse expediente para a concesión de suplemento de crédito financiado con cargo a maiores ingresos.

**SEGUNDO.** Emitiuse Informe de Intervención na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.

**TERCEIRO.** Emitiuse informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación inicial polo Pleno, de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **POLO QUE PROPOÑO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 6832/2024 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo a maiores ingresos, como segue a continuación:

	Aplicación	Descrición	Créditos iniciais	Suplemento de crédito
Progr	Económica			





## Concello de Xinzo de Limia

132	221.04		5.420,00
132	213.00		8.000,00
165	210.00		25.000,00
330	226.09	Actividades culturais e deportivas	50.900,00
151	213.00		166.000,00
920	221,00	Enerxía Eléctrica	112.680,00
450	609,00	Outras inversións novas en infraestruturas	200.000,00
340	227.06		15.000
		<b>TOTAL</b>	<b>583.000</b>

### Créditos en Aplicacións de Gastos:

Esta modificación finánciase con cargo a maiores ingresos e remanente de tesourería para gastos xerais , de acordo co seguinte detalle:

Aplicación	Descrición	Cuantía
42000	Participación en los tributos del estado	483.053,21€
870.00	RLTGG	99.946,79€

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 177 da Lei 4/2004, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

- O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.
- A inexistencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

**SEGUNDO.** Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no *Boletín Oficial da Provincia*, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

No entanto, a Corporación acordará o que estime pertinente. (...)"

Tralo debate a proposta resulta ditaminada **cos votos a favor do Sr. Alcalde e do concelleiro do grupo Axil (2), cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal PP (3), coa abstención dos concelleiros do grupo municipal PSOE (3), e coa abstención do concelleiro do BNG (1), coa seguinte proposta de acordo:**

**PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 6832/2024 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo a maiores ingresos, como segue a continuación:**

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Suplemento de crédito
<i>Progr</i>	<i>Económica</i>			
132	221.04			5.420,00
132	213.00			8.000,00
165	210.00			25.000,00
330	226.09	Actividades culturais e deportivas		50.900,00
151	213.00			166.000,00





## Concello de Xinzo de Limia

920	221,00	Enerxía Eléctrica		112.680,00
450	609,00	Outras inversións novas en infraestruturas		200.000,00
340	227.06			15.000
			<b>TOTAL</b>	<b>583.000</b>

### Créditos en Aplicacións de Gastos:

Esta modificación finánciase con cargo a maiores ingresos e remanente de tesourería para gastos xerais, de acordo co seguinte detalle:

Aplicación	Descrición	Cuantía
42000	Participación en los tributos del estado	483.053,21€
870.00	RLTGG	99.946,79€

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 177 da Lei 4/2004, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

- O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.
- A inexistencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

**SEGUNDO.** *Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas. (...)*

**O Sr. Alcalde** abre a quenda de intervencións:

**O Sr. Camilo Vila García** prega que se lle explique a finalidade do suplemento de crédito.

**O Sr. Alcalde** sinala que 112.000 euros irán destinados a subministro de enerxía eléctrica, 200.000 euros a obras de inversión xa planificadas, 166.000 euros ó pago de facturas diversas e o que resta a cultura e deportes.

**A Sra. Elvira Lama Fernández** anuncia a abstención porque considera que a decisión en relación a estes gastos é do grupo de goberno, se ben prega que se lles teña puntualmente informados sobre o destino.

Tralo debate a proposta resulta **aprobada, cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal "ÁXIL" (2, e 1 o Alcalde), co voto a favor dos concelleiros do grupo municipal popular (4), coa abstención dos concelleiros do PSdeG-PSOE (4), e coa abstención dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2), adoptándose o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO.** *Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 6832/2024 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo a maiores ingresos, como segue a continuación:*

Aplicación	Descrición	Créditos iniciais	Suplemento de crédito
------------	------------	-------------------	-----------------------







## Concello de Xinzo de Limia

Progr	Económica		
132	221.04		5.420,00
132	213.00		8.000,00
165	210.00		25.000,00
330	226.09	Actividades culturais e deportivas	50.900,00
151	213.00		166.000,00
920	221,00	Enerxía Eléctrica	112.680,00
450	609,00	Outras inversións novas en infraestruturas	200.000,00
340	227.06		15.000
			<b>TOTAL</b>
			<b>583.000</b>

### Créditos en Aplicacións de Gastos:

Esta modificación finánciase con cargo a maiores ingresos e remanente de tesourería para gastos xerais , de acordo co seguinte detalle:

Aplicación	Descrición	Cuantía
42000	Participación en los tributos del estado	483.053,21€
870.00	RLTGG	99.946,79€

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 177 da Lei 4/2004, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

b) A inexistencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

**SEGUNDO.** Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

<b>Expediente 6301/2024. Ratificación da aprobación do convenio de cooperación entre o Concello de Xinzo de Limia e a Cámara de Montalegre:</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento</b>

### Resolución:

Consta no expediente o **Ditame da Comisión Informativa de Cultura, Turismo, Educación e Relacións Institucionais**, do día 30/09/2024, do seguinte teor literal: "(...) Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 12/09/2024, do seguinte teor literal:

**"(...) Expediente 6301/2024.CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DE XINZO DE LIMIA E A CÁMARA DE MONTALEGRE:**

Vista a **Proposta da Alcaldía**, de data 11/09/2024, do seguinte teor literal:





## Concello de Xinzo de Limia

”(…) Visto “**Convenio de Cooperación entre o Concello de Xinzo de Limia e a Cámara de Montalegre**” cuxa finalidade é levar a cabo un acordo de cooperación transfronteiriza do seguinte teor literal:

### “(…) **CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DE XINZO DE LIMIA E A CÁMARA DE MONTALEGRE**

Entre o Concello de Xinzo de Limia, representado por **AMADOR DÍAZ PENÍN**.

E a Cámara de Montalegre, representado por **FÁTIMA FERNANDES**.

Celébrase un acordo de cooperación transfronteiriza, baseado na figura europea da Eurocidade, nos seguintes termos:

1. A cooperación transfronteiriza é un instrumento válido para conseguir unha unión máis estreita entre cidadáns europeos.
2. A desaparición das fronteiras interiores da Unión Europea sitúa as institucións e os cidadáns transfronteirizos nunha posición de especial relevancia na construción económica e sociocultural da Unión Europea.
3. A cooperación entre concellos transfronteirizos, como é o caso de Xinzo de Limia e Montalegre, é vantaxosa para a Unión Europea, os países de España e Portugal e para a poboación dos dous territorios.
4. Os dous concellos teñen unha historia que os vencella a través dos séculos. Xuntos poden formar un espazo común capaz de xerar sinerxias e de mobilizar e atraer visitantes e investimentos nunha lóxica de desenvolvemento sostible.
5. Tendo en conta o Tratado de Valencia, entre o Reino de España e a República de Portugal, celebrado o 03 de outubro de 2002, que promove a cooperación transfronteiriza entre as autoridades territoriais dos dous países.
6. Tendo en conta as directrices da Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal.
7. Tendo en conta que o concepto da Eurocidade só aplica ás grandes metrópoles transfronteirizas europeas, pero mantén o mesmo sentido e validez en territorios de baixa densidade como Xinzo de Limia e Montalegre.
8. Recoñecendo os vencellos históricos, lingüísticos, económicos, sociais e culturais existentes entre as terras de Xinzo de Limia e Montalegre.

Decídese:

#### I

Promover e fortalecer os lazos existentes entre os dous concellos fronteirizos co obxectivo de desenvolver e artellar a cooperación entre os territorios de Xinzo de Limia e Montalegre, para proporcionar unha maior calidade de vida á súa poboación.

#### II

Reforzar a converxencia institucional, económica, cultural, social e ambiental entre os dous territorios para que o efecto “fronteira” sexa cada vez unha mellor oportunidade de desenvolvemento sostible e de unidade entre persoas e institucións.

#### III

Planificar e concretar proxectos e accións de interese mutuo, acudindo cando sexa preciso ao apoio de voces dentro da Unión Europea.

#### IV

Promover o establecemento de empresas privadas que poidan actuar nos dous territorios, con vistas a





## Concello de Xinzo de Limia

augmentar a actividade económica nos dous espazos territoriais.

### V

Máis concretamente trátase de:

- A. Traballar conxuntamente para desenvolver accións de promoción dos dous territorios que teñan como principal obxectivo a calidade de vida e o ben común da poboación;
- B. Reforzar a cohesión social e económica;
- C. Promover a posta en valor dos recursos humanos nos diversos niveis de formación e aprendizaxe;
- D. Promover a posta en valor do patrimonio natural, cultural e histórico dos dous territorios;
- E. Reforzar e promover o tecido económico dos dous territorios;
- F. Promover a cooperación entre asociacións e colectivos culturais, deportivos, sociais e ambientais dos dous territorios;
- G. Planificar o uso de equipamentos colectivos por parte das poboacións, tendo en conta as diferenzas e cualidades de cada territorio;
- H. Desenvolver tódalas accións e actividades que signifiquen un reforzo na calidade de vida e fortalecemento das relacións dos habitantes dos dous territorios.

### VI

As partes acordan que a denominación do acordo de cooperación será de Eurocidade Xinzo de Limia Montalegre ou Montalegre Xinzo de Limia.

### VII

Este acordo queda aberto a novas formas de cooperación e colaboración de interese mutuo non especificadas no mesmo.

Este documento asínase por duplicado, en galego e portugués, sendo todos os textos iguais no día ..... do mes ..... do ano 2024 en Xinzo de Limia e en Montalegre.

Polo Concello de Xinzo de Limia Polo Concello de Montalegre

.....  
(Alcalde de Xinzo de Limia) (Presidente da Cámara de Montalegre. (...))

Por medio da presente **PROPOÑO**:

**Primero.- Aprobar, sen prexuízo da necesidade de ratificación plenaria, o “Convenio de Cooperación entre o Concello de Xinzo de Limia e a Cámara de Montalegre” co fin de levar a cabo un acordo de cooperación transfronteiriza.**

**Segundo - Notificar o presente acordo á Cámara de Montalegre. (...)**

**A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade dos membros presentes, o seguinte:**

**Primero.- Aprobar, sen prexuízo da necesidade de ratificación plenaria, o “Convenio de Cooperación entre o Concello de Xinzo de Limia e a Cámara de Montalegre” co fin de levar a cabo un acordo de cooperación transfronteiriza.**

**Segundo.- Notificar o presente acordo á Cámara de Montalegre. (...)**

Sen producirse debate o acordo **resulta aprobado por unanimidade, coa seguinte proposta de acordo:**

**PRIMEIRO.- Ratificar nos seus propios termos o acordo da Xunta de Goberno Local de data 12/09/2024, da aprobación do Convenio de cooperación entre o Concello de Xinzo de Limia e a Cámara de Montalegre co fin de levar a cabo un acordo de cooperación transfronteiriza.**





## Concello de Xinzo de Limia

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á Cámara de Montalegre. (...)”

O Sr. **Alcalde** abre a quenda de intervencións:

O Sr. **Manuel Pozo Fariñas** comeza a súa intervención manifestándose a prol da cooperación transfronteiriza desexando que dita colaboración non quede nunha cuestión meramente formal senón que abarque tema social, económico, etc, a fin de aproveitar a nosa situación xeográfica practicamente limítrofe. Asemade prégalle ó grupo de goberno que actúe como cabeza de comarca e convide ó resto de Concellos limítrofes como son Muíños, Calvos de Randín, Baltar, Cualedro e Oímbra a unirse para poder constituír a figura da Eurocidade.

A Sra. **Elvira Lama Fernández** intervén para manifestar o seu voto a favor de todo o que redunde en beneficio do Concello.

O Sr. **Alcalde** manifesta que a sinatura deste Convenio supón o primeiro paso para poder facer proxectos que afecten a ambas administracións a prol da economía, da cultura, etc e agradece a Montalegre que queira traballar con Xinzo de Limia.

Tralo debate a proposta resulta **aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO.- Ratificar nos seus propios termos o acordo da Xunta de Goberno Local de data 12/09/2024, da aprobación do Convenio de cooperación entre o Concello de Xinzo de Limia e a Cámara de Montalegre co fin de levar a cabo un acordo de cooperación transfronteiriza.**

**SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á Cámara de Montalegre.**

<b>B) ACTIVIDADE DE CONTROL</b>
<b>Dación de conta dos Decretos da Alcaldía:</b>

Dáse conta, nos termos e para os efectos do disposto no art. 42 do Regulamento da Organización, do Funcionamento e do Réxime Xurídico das Entidades Locais, dos Decretos e Resolucións ditados pola Presidencia desde a anterior reunión:

**DECRETOS DA ALCALDÍA Export Libro Decretos dende 10/07/2024 (1416) a 19-09-2024 (1840)**

**nome data resumo rexistro procedemento data de anulación razón Estado**

**DECRETO 2024-1840** [Decreto selección aspirante e requerimento de documentación. Proceso de estabilización. Unha praza de TÉCNICIO/A LOCAL DE EMPREGO] 19/09/24 10:31

- Decreto selección aspirante e requerimento de documentación. Proceso de estabilización. Unha praza de TÉCNICIO/A LOCAL DE EMPREGO666/2024 Seleccións de Persoal e Provisións de Postos  
subscricións completa

**DECRETO 2024-1839** [Decreto selección aspirante e requerimento de documentación. Proceso de estabilización. Unha praza de AXENTE DE EMPREGO] 19/09/24 10:29 Decreto

selección aspirante e requerimento de documentación. Proceso de estabilización. Unha praza de AXENTE DE EMPREGO 660/2024 Seleccións de Persoal e Provisións de Postos  
subscricións completa

**DECRETO 2024-1838** [Decreto admision a tramite responsabilidade patrimonial Consuelo Joga]





## Concello de Xinzo de Limia

19/09/24 10:29	SIA 813185 -- 140	SERVIZOS XURIDICOS -- Expediente 4398/2024 -- CONSUELO JOGA DIAZ -- CONSUELO JOGA DIAZ - RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. --	4398/2024	Responsabilidade Patrimonial	subscricións completa			
<b>DECRETO 2024-1837</b>	[Decreto selección aspirante e requerimento de documentación. Proceso de estabilización. Unha praza de TÉCNICO DE SECRETARÍA]	19/09/24 10:28	Decreto	selección aspirante e requerimento de documentación. Proceso de estabilización. Unha praza de TÉCNICO DE SECRETARÍA	1998/2023	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos	subscricións completa	
<b>DECRETO 2024-1836</b>	[Decreto selección aspirante e requerimento de documentación. Proceso de estabilización. Unha praza de TÉCNICO DE INTERVENCIÓN]	19/09/24 10:28	Decreto	selección aspirante e requerimento de documentación. Proceso de estabilización. Unha praza de TÉCNICO DE INTERVENCIÓN	672/2024	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos	subscricións completa	
<b>DECRETO 2024-1835</b>	[Decreto selección aspirante e requerimento de documentación. Proceso de estabilización. Unha praza de ENCARGADA/O DE PERSOAL]	19/09/24 10:27	- Decreto	selección aspirante e requerimento de documentación. Proceso de estabilización. Unha praza de ENCARGADA/O DE PERSOAL	659/2024	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos	subscricións completa	
<b>DECRETO 2024-1834</b>	[Decreto da convocatoria]	19/09/24 8:57	Decreto:	Decreto convocatoria Xunta de Goberno Local 20-09-2024	JGL/2024/32	Convocatoria de A Xunta de Goberno Local	subscricións completa	
<b>DECRETO 2024-1833</b>	[Decreto aprobación expediente]	17/09/24 12:43	Decreto	aprobación-- Expediente 6318/2024 -- Contratación actuacións de mellora na biblioteca pública antelana de Xinzo de Limia (contrato mixto suministro mobiliario y servicio reparación de suelo) --	6318/2024	Contratacións.	subscricións completa	
<b>DECRETO 2024-1832</b>	[Decreto da Alcaldía]	17/09/24 9:54	Decreto	concesión uso de carpa municipal para festa Cima de Ribeira 28 de setembro	6444/2024	Declaracións	subscricións completa	
<b>DECRETO 2024-1831</b>	[decreto]	17/09/24 9:41	Decreto:	MC 12 Generación de creditos		Biblioteca 6447/2024	Procedemento Xenérico	subscricións completa
<b>DECRETO 2024-1830</b>	[DECRETO LIQUIDACION CHMS MONASTERIO BUEN JESUS]	16/09/24 11:10	Decreto:	LIQUIDACION BON XESUS CHMS	2079/2020	Procedemento Xenérico	subscricións completa	
<b>DECRETO 2024-1829</b>	[decreto liquidacion CHMS]	13/09/24 8:24	Decreto:	liquidacion		CHMS gudin1760/2020	Procedemento Xenérico	subscricións completa
<b>DECRETO 2024-1828</b>	[decreto liquidacion chms]	13/09/24 8:24	Decreto:	liquidacion chms		400/2023	Procedemento Xenérico	subscricións completa
<b>DECRETO 2024-1827</b>	[24-50161_DECRETO_DE_INCOACION]	12/09/24	15:05	Decreto:	24-50161	6390/2024	Sancionador de Tráfico e Transportes	subscricións completa
<b>DECRETO 2024-1826</b>	[24-50145_DECRETO_DE_INCOACION]	12/09/24	14:51	Decreto:	24-50145	6385/2024	Sancionador de Tráfico e Transportes	subscricións completa
<b>DECRETO 2024-1825</b>	[24-50155_DECRETO_DE_INCOACION]	12/09/24	14:51	Decreto:	24-50155	6386/2024	Sancionador de Tráfico e Transportes	subscricións completa
<b>DECRETO 2024-1824</b>	[24-50153_DECRETO_DE_INCOACION]	12/09/24	14:51	Decreto:	24-50153	6387/2024	Sancionador de Tráfico e Transportes	subscricións completa
<b>DECRETO 2024-1823</b>	[24-50151_DECRETO_DE_INCOACION]	12/09/24	14:51	Decreto:	24-50151	6388/2024	Sancionador de Tráfico e Transportes	subscricións completa





## Concello de Xinzo de Limia

	subscricións completa		
<b>DECRETO 2024-1822</b>	[24-40071_DECRETO_DE_INCOACION]	12/09/24	14:31
	Decreto: 24-40071 6375/2024 Sancionador de Tráfico e Transportes		
	subscricións completa		
<b>DECRETO 2024-1821</b>	[24-40069_DECRETO_DE_INCOACION]	12/09/24	14:31
	Decreto: 24-40069 6376/2024 Sancionador de Tráfico e Transportes		
	subscricións completa		
<b>DECRETO 2024-1820</b>	[24-50133_DECRETO_DE_INCOACION]	12/09/24	14:30
	Decreto: 24-50133 6377/2024 Sancionador de Tráfico e Transportes		
	subscricións completa		
<b>DECRETO 2024-1819</b>	[24-40065_DECRETO_DE_INCOACION]	12/09/24	14:30
	Decreto: 24-40065 6378/2024 Sancionador de Tráfico e Transportes		
	subscricións completa		
<b>DECRETO 2024-1818</b>	[24-50132_DECRETO_DE_INCOACION]	12/09/24	14:30
	Decreto: 24-50132 6379/2024 Sancionador de Tráfico e Transportes		
	subscricións completa		
<b>DECRETO 2024-1817</b>	[24-50126_DECRETO_DE_INCOACION]	12/09/24	14:30
	Decreto: 24-50126 6368/2024 Sancionador de Tráfico e Transportes		
	subscricións completa		
<b>DECRETO 2024-1816</b>	[24-50130_DECRETO_DE_INCOACION]	12/09/24	14:30
	Decreto: 24-50130 6371/2024 Sancionador de Tráfico e Transportes		
	subscricións completa		
<b>DECRETO 2024-1815</b>	[24-50134_DECRETO_DE_INCOACION]	12/09/24	14:30
	Decreto: 24-50134 6373/2024 Sancionador de Tráfico e Transportes		
	subscricións completa		
<b>DECRETO 2024-1814</b>	[24-50142_DECRETO_DE_INCOACION]	12/09/24	14:30
	Decreto: 24-50142 6380/2024 Sancionador de Tráfico e Transportes		
	subscricións completa		
<b>DECRETO 2024-1813</b>	[24-50140_DECRETO_DE_INCOACION]	12/09/24	14:30
	Decreto: 24-50140 6381/2024 Sancionador de Tráfico e Transportes		
	subscricións completa		
<b>DECRETO 2024-1812</b>	[24-50138_DECRETO_DE_INCOACION]	12/09/24	14:30
	Decreto: 24-50138 6382/2024 Sancionador de Tráfico e Transportes		
	subscricións completa		
<b>DECRETO 2024-1811</b>	[24-50136_DECRETO_DE_INCOACION]	12/09/24	14:30
	Decreto: 24-50136 6383/2024 Sancionador de Tráfico e Transportes		
	subscricións completa		
<b>DECRETO 2024-1810</b>	[24-50147_DECRETO_DE_INCOACION]	12/09/24	14:30
	Decreto: 24-50147 6384/2024 Sancionador de Tráfico e Transportes		
	subscricións completa		
<b>DECRETO 2024-1808</b>	[decreto adop tres taxas bop 11 de setembro anuncios 2688 2689 2690]		
	11/09/24 9:59 Decreto: adop taxas bop 1805/2024 Procedemento Xenérico		
	subscricións completa		
<b>DECRETO 2024-1807</b>	[Decreto da convocatoria]	11/09/24 9:56	Decreto: Convocatoria
	Xunta de Goberno Local 12-09-2024 JGL/2024/31 Convocatoria de A Xunta de Goberno Local		
	subscricións completa		
<b>DECRETO 2024-1806</b>	[DECRETO 2022-1028 aprobación Conta xustificativa CULTURA NO CAMIÑO]		
	10/09/24 14:03 Decreto: Aprobar Conta Xustificativa. Subvención Cultura no		
	Camiño 2024 1466/2024 Subvencións Solicitadas a Outra Administración		
	subscricións completa		
<b>DECRETO 2024-1805</b>	[DECRETO ADOP RELACION TCF 2020 46]	10/09/24	12:32
	Decreto: relacion 46 facturas TCF-2024-46		Tramitación conxunta de





## Concello de Xinzo de Limia

- facturas subscripcións completa  
**DECRETO 2024-1804** [DECRETO PERMISO ORGANIZACIÓN DAS FESTAS PATRONAIS DE MOREIRAS 2024] 10/09/24 11:54 DECRETO PERMISO ORGANIZACIÓN DAS FESTAS PATRONAIS DE MOREIRAS 2024 6304/2024 Festas  
subscripcións completa  
**DECRETO 2024-1803** [Decreto desestimación reclamación, aprobación listaxe definitiva admitidos e excluídos e nomeamento tribunal proceso estabilización. Oito prazas AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR] 9/09/24 14:36 Decreto desestimación reclamación, aprobación listaxe definitiva admitidos e excluídos e nomeamento tribunal proceso estabilización. Oito prazas AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR 2000/2023 Seleccións de Persoal e Provisións de Postos  
subscripcións completa  
**DECRETO 2024-1802** [Decreto nomeamento persoal laboral fixo. Proceso de estabilización. Monitor Deportivo. Dúas prazas] 9/09/24 14:10 Decreto nomeamento persoal laboral fixo. Proceso de estabilización. Monitor Deportivo. Dúas prazas 2108/2023 Seleccións de Persoal e Provisións de Postos  
subscripcións completa  
**DECRETO 2024-1801** [Decreto nomeamento persoal laboral fixo. Proceso estabilización. 3 PRAZAS PEÓN LIMPEZA VIARIA] 9/09/24 14:10 Decreto nomeamento persoal laboral fixo. Proceso estabilización. 3 PRAZAS PEÓN LIMPEZA VIARIA 1292/2023 Seleccións de Persoal e Provisións de Postos  
subscripcións completa  
**DECRETO 2024-1800** [Decreto nomeamento persoal laboral fixo. Proceso estabilización. 5 PRAZAS LIMPADORAS] 9/09/24 14:10 Decreto nomeamento persoal laboral fixo. Proceso estabilización. 5 PRAZAS LIMPADORAS 1087/2023 Seleccións de Persoal e Provisións de Postos  
subscripcións completa  
**DECRETO 2024-1799** [24-20598-c\_ DECRETO DE INCOACION DE EXPEDIENTE POR NO IDENTIFICAR] 9/09/24 12:44 Decreto: Nueva incoación de expediente por no identificar al conductor. 1795/2024 Sancionador de Tráfico e Transportes  
subscripcións completa  
**DECRETO 2024-1798** [DECRETO MC XC 11 2024] 6/09/24 14:18 Decreto: Visto da AS SUBVENCIONS RECIBIDAS FESTIVAL CELTIBERICO (DEPUTACION), OBRADOIRO APORTACION SANDIAS, CULTURA NO CAMIÑO E DONACIONS FESTAS DE SANTA MARIÑA, FESTA DE ESQUECEMENTO (DEPUTACION) 6259/2024  
Procedemento Xenérico subscripcións completa  
**DECRETO 2024-1797** [Decreto de convocatoria] 6/09/24 11:20 Decreto convocatoria e nomeamento tribunal proceso Contratación temporal substitución de persoa traballadora profesora 6234/2024 Seleccións de Persoal e Provisións de Postos  
subscripcións completa  
**DECRETO 2024-1796** [DECRETO APROBACIÓN TAXAS SAF XULLO E AGOSTO 2024] 6/09/24 10:09 Decreto: APROBACIÓN TAXAS SAF XULLO E AGOSTO 2024 6258/2024 Servizos Sociais  
subscripcións completa  
**DECRETO 2024-1795** [Decreto delegación funcións Secretaría 6 e 9 de setembro] 6/09/24 8:38 Decreto delegación de funcións Secretaría 6 e 9 de setembro 2024. 1675/2020 Delegacións de Funcións  
subscripcións completa  
**DECRETO 2024-1794** [Decreto autorización] 5/09/24 13:51 Decreto autorización ocupación pavillón e accesos-- EXPOFAMILIA 2024 -- 5797/2024 Xenérico por Concorrenza Competitiva  
subscripcións completa  
**DECRETO 2024-1793** [Decreto aprobación PSS] 5/09/24 13:51 Decreto aprobación PSS ascensor Casa Cultura. 576/2024 Subvencións Solicitadas a Outra Administración  
subscripcións completa  
**DECRETO 2024-1792** [Resolución de Alcaldía-Delegación competencias celebración de matrimonio] 5/09/24 9:45 SIA 813204 -- 140 SERVICIOS XURIDICOS -- Expediente 6240/2024 -- MATRIMONIO CIVIL ALBA AUGUSTO MANDIANES e ALEXANDRE ALVAREZ LOPEZ -- 6240/2024 Celebración Matrimonios Cívís e Unións de feito





## Concello de Xinzo de Limia

- subscricións completa
